



III CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIAS POLO PÁRKINSON

REGULAMENTO

1/ ORGANIZACIÓN

A Asociación Parkinson Galicia Coruña organiza, en colaboración co Concello de Culleredo e coa Asociación Castelo Deporte, unha carreira e andaina prevista para o domingo, 27 de outubro de 2019.

2/ DENOMINACIÓN

A proba recibe a seguinte denominación: "III Carreira e andaina solidaria polo párkinson".

3/ DATA E LUGAR

A proba celebrarase o domingo, 27 de outubro, no Paseo Marítimo da Ría do Burgo, no termo municipal de Culleredo, con saída e meta nas instalacións situadas ao pé da ría, na zona das pistas polideportivas.

4 / CATEGORÍAS

Establécense unha categoría única para a carreira, que se desenvolverá de xeito paralelo a unha andaina popular nun circuíto anexo.

5 / HORARIOS

A Carreira e andaina solidaria polo parkinson consta de dúas distancias para cada unha das probas:

Carreira	10 km.	10.30 horas
Andaina	4 km.	10.30 horas

6 / INSCRICIÓN

Permanecerán abertas ata o 17 de outubro ás 23.59 horas na web www.emesports.es ou ata agotar os 700 dorsáis disponibles (350 carreira, 350 andaina). O prezo da mesma será de 10 euros, agás para os nenos menores de 13 anos, que contarán cun prezo reducido de 5 euros.

Os menores de idade deberán cumprimentar [esta autorización](#) paterna, materna ou do/a titor/a legal para poder participar en calquera das distancias. Esta deberá ser presentada no momento da recollida do dorsal. No caso de non presentar dita autorización, non será posible a participación do/a menor na proba, non sendo reembolsable o importe da mesma en ningún dos casos.

7 / PREMIOS

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina.

8 / DORSAIS E CRONOMETRAXE

A proba estará cronometrada pola empresa Emesports. Os chips de cronometraxe entregaranse aos participantes xunto co dorsal, e se poderán recoller en Decathlon Oleiros do 24 ao 26 de outubro, en horario comercial. Tamén se poderán recoller o propio día do evento de 9:00h a 10:00h.

9 / AVITUALLAMENTOS

Para a carreira, situarase un punto de avituallamento intermedio e na zona de saída e meta. Polos dous puntos os participantes pasarán en dúas ocasións. No caso da andaina haberá un avituallamento na meta.

10 / CAMISETAS

Cada participante terá acceso, coa inscrición, a un kit do corredor, que incluírá unha camiseta técnica conmemorativa.

11/ SERVICIOS

Contamos cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba.

Ademáis contamos co servizo de duchas situado no CEIP RÍA DO BURGO, con dirección Rúa María Cagiao, 8 Culleredo – A Coruña.

12 / DEREITOS DE IMAXE

Os participantes autorizan á organización (Asociación Parkinson Galicia – Coruña, Asociación Castelo Deportes e Concello de Culleredo) e a todos os patrocinadores e colaboradores do evento, a empregar calquera tipo de imaxe ou gravación en posteriores edicións como soporte publicitario, xa sexa en medios dixitais (redes sociais, televisión, web...) ou en papel (carteis, xornais...).

13 / VARIOS

- A organización non devolverá o prezo da inscrición no caso de que o participante non poida asistir o día do evento. Tampouco se permitirá transferir a inscrición a outra persoa. O dorsal é persoal e intransferible, e serve como identificación do participante.
- Os participantes participan pola súa propia vontade e iniciativa, asumindo os riscos e consecuencias derivadas da súa participación, polo que a organización non se fai responsable dos seus danos, perxuizos ou lesións por calquera tipo de negligencia.
- A organización non se fai responsable da perda de calquera efecto persoal ou os danos que poidan producirse neles, como cámaras fotográficas, teléfonos móbiles, roupa, billeteiras, gafas, documentos persoais, chaves ou calquera outro artigo de valor.
- Se as condicións meteorolóxicas fosen adversas, ou se existira algunha outra causa xustificada allea á organización, considerarase o aprazamento do evento, o que será comunicado a través das canles oficiais nas horas previas ao inicio do mesmo.
- Ao rexistrarse, os participantes dan o seu consentimento para que os organizadores, por si mesmos ou a través de terceiros, traten os seus datos persoais automaticamente e exclusivamente para fins deportivos, promocionais ou comerciais. De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o participante ten dereito a acceder a estes arquivos para rectificar ou cancelalos de forma total ou parcial o seu confido. Para iso, debes solicitar por escrito á Asociación Parkinson Galicia-Coruña (Rúa Jazmines, 10 A Coruña).